

PEPE CARREIRO

bolanda

Os Golechos

guias



VAN POLO RÍO



Entra na nosa web e faite do club!

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.

www.osbolechas.gal

Podes informarte de todo o que acontece na familia Bolechas no noso **teléfono**



902 18 20 10

Os Bolechas ^{®TM}
PEPE CARREIRO

guías




VAN POLO RÍO



Os Bolechas van de excursión pola beira do **río**. Van polos carreiros do **bosque de ribeira**, que é o que medra nas beiras.

De paso, queren ver os **animais que viven no río e arredor del**. Se teñen sorte, porque os animais son moi tímidos e agáchanse.



Os ríos nacen nas **montañas**, baixan correndo aos **vales** e marchan paseniño a desembocaren no **mar**.

O río, o bosque de ribeira e o espazo que asolaga o río nas enchentes, forman un **corredor fluvial**.




As árbores que máis abundan nos ríos galegos, asturianos e portugueses son: **amieiros**, **freixos**, **salgueiros**, **bidueiros** e **carballos**.




Para distinguir unhas árbores das outras, podemos fixarnos nas **follas**, porque as teñen de diferentes formas.

Dentro e arredor dos ríos viven moitísimos animais: **peixes**, **réptiles**, **anfíbios**, **aves**, **insectos**, **moluscos** e **mamíferos**. Algúns viven sempre no río e outros achéganse a el a beber, a pescar ou a bañarse.

As lontras, os martiños peixeiros, os merlos rieiros, os cabaliños do demo, as pínegas, as salamántigas rabilongas, as troitas, morcegos e os mexillóns de río son veciños habituais dos ríos galegos, asturianos e portugueses.





Nos bosques de ribeira medran ás veces plantas **invasoras**, como as **crocosmias**.




A semente dunha planta invasora que teñamos no xardín, **vai polo aire** e pode prender ao pé do río.

As crocosmias **non son plantas propias dos nosos bosques de ribeira**. Poden chegar a eles procedentes dalgún xardín.


As **plantas invasoras** son especies exóticas que foron introducidas polos humanos nos corredores fluviais. Agora **ameazan** as plantas e os animais que viviron alí dende sempre.

Os eucaliptos, os plumeiros da Pampa, as acacias ou as crocosmias, son algunhas desas plantas exóticas.






Tamén hai **animais invasores**, como este sapoconcho da Florida. É moi bonito, pero é un perigoso invasor.




Estes sapoconchos **non son animais propios dos ríos galegos, asturianos e portugueses**. Poden proceder dalgunha casa.




Os animais invasores veñen doutros hábitats e ocupan o espazo dos animais **proprios dos ríos galegos, asturianos e portugueses.**


Os sapoconchos da Florida, os cangrexos americanos ou as avespas asiáticas son algúns dos animais invasores.



Cando canalizan un río ou lle constrúen paseos de cemento polas beiras ou piscinas, **desaparece o bosque de ribeira.**




E cando desaparece un bosque de ribeira, **desaparecen tamén todos os animais que viven e se acubillan nel.**



Para que os ríos sigan a baixar limpos e alegres polas montañas e marchen paseniño a desembocaren no mar, **temos que coidalos**.


As construcións, os parques, as piscinas, as verteduras e as especies invasoras animais e vexetais **destrúen os corredores fluviais**.



Os Bolechas están amolados. Non queren que se estraguen os ríos nin que desaparezan os bosques de ribeira.

O gardarríos explica que os ríos e os bosques de ribeira incluídos na **Rede Natura 2000** están protexidos. A Rede Natura 2000 ten como meta conservar a **biodiversidade** e a **supervivencia das especies** e dos **hábitats** da Unión Europea.






Os proxectos europeos **Life** axudan a mellorar o medio ambiente e o clima.


Life fluvial protexe e restaura os corredores fluviais da Rede Natura 2000.

Ademais, infórmanos para que coñezamos a importancia dos corredores fluviais, os seus problemas e como actuar para recuperalos.






Os bosques de ribeira son os que medran arredor dos ríos.




Polas follas podemos coñecer as árbores.




No río e arredor del viven moitos animais.




A crocosmia é unha planta invasora.




As plantas e árbores invasoras ameazan as dos ríos galegos, asturianos e portugueses.




O sapoconcho da Florida é un animal invasor.




Os animais invasores ameazan os propios dos ríos galegos, asturianos e portugueses.



As construcións nas beiras dos ríos fan desaparecer os bosques de ribeira.



Se desaparecen os bosques de ribeira, desaparecen tamén os animais que viven neles.




Os ríos temos que coidalos entre todos.




Rede Natura 2000 conserva a biodiversidade e os hábitats.



Life Fluvial restaura e mellora os corredores fluviais da Rede Natura 2000.




Estes animais son veciños propios dos ríos galegos, asturianos e portugueses.
Coloréaos e ponlles debaixo cadanseu nome.



Estes animais son invasores. Coloréaos e ponlles debaixo cadanseu nome.



De que árbore son cada unha destas follas? Coloréaaas
e ponlles debaixo o nome da árbore.



Debuxa os logotipos de REDE NATURA 2000 e LIFE FLUVIAL
en cada letreiro e coloréaaos.

MINIDICIONARIO

Biodiversidade: variedade da vida a todos os niveis, de xenes a ecosistemas, incluíndo todas as especies animais e vexetais.

Canalizar: conducir por medio de canles a auga do río.

Enchente: aumento do caudal dun río.

Corredor fluvial: espazo que abarca o conxunto do territorio fluvial: o leito do río, a vexetación de ribeira e o espazo que ocupan as augas nas enchentes.

Especie: grupo de individuos semellantes capaces de cruzarse entre si e teren descendencia fértil.

Especies exóticas: as que proceden de lugares afastados.

Hábitat: lugar axeitado para que vivan plantas e animais. Cada especie ten o seu hábitat preferido.

Supervivencia: conseguir seguir vivindo.

os bolechasTM
PEPE CARREIRO



Carlos



Loli



Pili



Braulio



Sonia



Tatá



Chispa



Mamá Bolechas



Papá Bolechas

Avoa materna
BalbinaAvó materno
MarceloAvoa paterna
FloraAvó paterno
Emiliano

Curmá Sarela



Curmá Ying



Curmán Kofi



Tía Camila



Tío Lisardo



Lusco



Fusco



Curmá Saladina



Tía Lupa



Tío Agostiño



© TM

PEPE CARREIRO



9 788417 702601

VAN POLO RÍO

Os Bolechas van de excursión polo río. Queren coñecer os animais que viven na auga e nas beiras, e tamén o bosque de ribeira.



**life
fluvial**

LIFE16 NAT/ES/000771

